

## Jacobo Barros e a épica da pesca da altura

Ed. Sotelo Blanco, 2005

Francisco Fernández Rei

O biólogo Jacobo Barros publicou no 2005 *Os ausentes de Casteltón* (Sotelo Blanco Edicions), crónica novelada dunha marea no Gran Sol, que en certo modo é a crónica da pesca da altura por tratárense tamén outras pescarías (Terranova, Namibia, Malvinas, Boston...) onde traballan barcos galegos. A obra é o froito da súa experiencia como biólogo en diversos caladoiros.

Especialmente a través dos diálogos coa tripulación do "Xeitoxiño II", o autor logra transmitirnos a épica dunha vida dunha dureza dificilmente imaxinable para os que estamos en terra, "con días, semanas, nun limbo sen presente, consumidos pola marusía e pola ausencia". Vemos como se traballa nun arrastreiro e como se convive, sabemos das aves dese mar e do seu valor e, sobre todo, da gran variedade de peixes que alí hai, pero tamén dos descartes ("Ighual para coller tresentos quilos de pescada tes que matar sete ou oito toneladas de xurelo e rincha"). E sabemos dos conflitos e abordaxes entre arrastreiros e pincheiros no Gran Sol, despois de estes chegaren a estas augas a finais dos 70 e

logo acabaren co bacallau e co badexo..

Na pesca da altura non existen domingos nin festivos, aínda que a monotonía no xantar se rompe o domingo cun prato de cocido do país, e nalgún barco o sábado cun prato de callos. O cansazo é o principal problema, por ter que aguantar un ritmo de traballo de tolos; e no caso de embarcar e romper o aparello xa se encadea un lance co outro ("Os homes, que acababan de deitarse, non tiveran apenas tempo de quencer as mantas do catre, cando xa os chamaban de novo para se infundaren os traxes de auga"). Denúnciase a pesca ilegal en Namibia co *condón* ("unha malla máis fina, ilegal sempre, que se lle mete ó saco por dentro, como se fora unha funda, para que o peis miúdo non escape"), á vez que se denuncia a sobreexplotación pesqueira ("En Terranova, no Ghran Sol, nas Malvinas... Traballas arreo matando no peis. ¿Total para que? Pa inundar o mercado, presios polo chan... salarios de fame. ¿Para iso nos valía"). As supersticións da xente do mar están ben presentes en todo o libro. Na ponte do arrastreiro lévase unha restra de trece cabezas de allo e tamén unha figura de San Pancraccio, avogado dos negocios, ó que lle hai que poñer unha

ramiña de pirixel roubado, ou polo menos regalado. Hai que evitar a morte dunha tartaruga, pois trae terribles desgrazas, mesmo pode estragarse o peixe estibado na adega. A bordo non se pode mencionar nunca a palabra crego nin levar paraugas para o barco; pero seica é bo levar unhas bragas usadas de muller na popa cando se vai a un caladoiro novo ou cando se cambia de aparello, e mesmo botar mexo de muller sobre aparellos novos.

Jacobo Barros deixounos n' *Os ausentes de Casteltón* unha imaxe realista, e nada bucólica, da pesca da altura. Un dos trazos salientables da obra é o humor que aparece en moitos momentos, especialmente nas conversas das comidas, que permiten soportar o cansazo e a dureza desa vida. Moitas son historias de aventuras sexuais nos portos en que se atracaba ("eu naveghín por todo o mundo... ¡E fodín con todas as rasas! (...) brancas, neghras, japonesas, brasileiras... As neghras de Abellán son as que millores mamadas fan") ou historias como a do vello que seica se arranchaba todos os días para foder porque o facía cunha raia ("ten un laño que é ighualiño ó conacho da muller"). O narrador-xornalista cando relata usa o galego estándar, e o mesmo cando intervén nos diálogos, mentres que a tripulación fala na






variedade do galego popular da beiramar das Rías Baixas con uso constante da gheada e do seseo, de formas como *peis* 'peixe' e *hos* 'hoxe', *naveghín* 'naveguei', *mirar* por ver. Outro elemento ben caracterizador dese falar mariñeiro son anglicismos léxicos como *laiquear* 'gustar', *veri nai* 'moi bonito' ou dar un *raite* para dar un paseo ou unha volta, que aparecen por toda a novela e posibles anglicismos como *bichicoma*, termo despectivo moi usado pola xente que andaba ó bacallau en Terranova e que se di do que vive da chupuza ou do conto.

Nesta obra vese como os mariñeiros galegos foron adaptando os

topónimos estranxeiros de portos e illas onde ían faenando ou atracando, algúns deles totalmente populares entre a xente do mar. É o caso de Capetón (Capetown-Sudáfrica), Abellán (Abidján-Costa de Marfil), Ghotá (Godthab-Grenlandia), Antuerpe (Antwerpen-Bélxica), Casteltón (Castletown-Irlanda), Escornabois (Stornoway-Illas Hébridias), illas Espibes (illas Spitzbergen-Noruega) ou Valvis (Walwis Bay-Namibia). Isto é unha mostra da presenza dos galegos e da súa lingua en todos os mares: "Se o mar aprendera a falar, seghuro que o fasía en ghallego -concluía Fidalgo-. Porque mira que temos

barcos polo mundo adiante. Ghalleghos hainos coma a brosa por todos os continentes", dicía o patrón de pesca do "Xeitoxiño II". Esta excelente crónica novelada publicouse tres anos despois de que Jacobo Barros morrese en maio do 2002 nun accidente nas augas do Pacífico, cando só tiña 30 anos. Foi unha lamentable perda para a literatura galega, e particularmente para a literatura do mar, tan escasa aínda de crónicas e relatos mariñeiros, a pesar do que se leva feito nos últimos anos.



## SUBMARINOS, NAUFRAXIOS E INSTINTO DE SUPERVIVENCIA

E.X.I.L.

### AGUILLÓNS DE ORTEGAL

Hixinio Puentes Novo

Eds. Xerais, 2005

xermanófilas) da oficialmente 'neutral' España, está protagonizada por un fogueiro portugués con raíces galegas, Xoán Antón Fonseca, que se ve involucrado nunha guerra que non é a súa.

A novela divídese en cinco capítulos e presenta unha estrutura circular, cun comezo *in extrema res* que pon en marcha a intriga e converte as case trescentas páxinas de que consta o libro nun demorado *flash-back* para explicar por que o protagonista se converteu, segundo confesa el propio desde o comezo, nun asasino... As recordacións e confesións do Fonseca vannos achegando ao instante final, que empata co principio e

Colaborador habitual do vedraio semanario 'La Voz de Ortigueira', mestre de profesión e responsábel de dous interesantes traballos de investigación sobre catástrofes no mar (*A galerina de 1961* e mais *Os naufraxios da Galicia Norte*), este escritor natural de O Barqueiro (1952) conseguiu no pasado recente certo recoñecemento e varias distincións polas súas obras *O bandido Casanova* (2000, Premio 'Pastor Díaz' do Concello de Viveiro),

recreadora das peripecias do famoso bandido galego de comezos do século XX, e a aínda inédita *Monbars* (gañadora do IV Premio 'Eixo Atlántico'), ambientada no século XVII e protagonizada polo pirata francés así chamado.

Agora volve polos camiños da novela para nos regalar *Aguillóns de Ortegal*. Ambientada nos tempos da Gran Guerra, en que submarinos alemáns torpedeaban buques mercantes de moitas bandeiras diante das costas galegas, coa aquiescencia cómplice das autoridades militares (maiormente